



CONCELLO DE BOQUEIXON

MEMORIA

PROXECTO DE SINALIZACIÓN DO
PICO SACRO MEDIANTE
FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS



Concello de Boqueixón

Con motivo da publicación no DOG nº 14 do 20 de xaneiro do 2017 da Resolución do 29 de decembro do 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, redáctase esta memoria explicativa do proxecto de **“SINALIZACIÓN DO PICO SACRO MEDIANTE FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS”** cuxo obxecto de subvención encaixa no artigo 1, punto 3, en materia de sinalización das citadas bases, onde fai referencia á actuacións de sinalización con aplicacións para teléfonos intelixentes, audioguías,...

PICO SACRO

O Pico Sacro, situado entre as parroquias de Lestedo e A Granxa no concello de Boqueixón, é un dos montes máis coñecidos de Galicia. Son distintos os motivos e as razóns que avalan esta afirmación: a Lenda da Raíña Lupa narrada no Códice Calixtino describe o Pico Sacro como un dos lugares importantes do traslado do Corpo do Apóstolo e onde acontecen importantes milagres, marca a última etapa dun dos Camiños de Santiago, o da Vía da Prata, é un monte mitolóxico e máxico sobre o que se contan innumerables lendas e contos populares, dende o seu cumio poden divisarse incomparables panorámicas da comarca destacando a primeira visión que dende el teñen os peregrinos das torres da Catedral de Santiago...

Por todo isto, este monte sagrado é o eixe vertebrador arredor do cal están xirando todas as principais accións de recuperación, acondicionamento, dinamización e desenvolvemento a nivel turístico desta entidade. Coñecedores da súa importancia histórica, natural, arqueolóxica, mitolóxica e o estreito vínculo que o unen coa Cultura Xacobeá, na pasada convocatoria de subvencións que estamos a tratar, acadouse o importante e imprescindible obxectivo de acondicionar e mellorar a accesibilidade ó Pico en varias zonas así como a dotación da sinalización direccional e informativa necesaria para os visitantes.

SITUACIÓN ACTUAL

De cara a esta anualidade preséntase unha **carencia importante a corregir**, na sociedade globalizada e informatizada na que vivimos, calquer recurso turístico precisa contar con aplicacións tecnolóxicas para a súa sinalización para teléfonos intelixentes.

O Concello de Boqueixón conta cunha parte específica na web institucional do concello adicada á turismo, neste espazo dáselle cabida ó Pico Sacro, áreas naturais, fervenzas, festas declaradas de interese turístico, etc, pero non se dispón de ningún tipo de soporte App, nin audioguías, nin videoguías,... que permita achegar ó visitante físico ou virtual a información turística do Pico Sacro no seu móbil ou pc cunha simple descarga e que posibilite e facilite en tan gran medida a súa visita.








Concello de Boqueixón

Neste senso, o **OBXECTIVO PRINCIPAL** é a dinamización do turismo nun fito histórico, natural e cultural importante como é o Pico Sacro e a súa contorna, por isto, propónse dotalo dunha solución tecnolóxica en forma de aplicación para teléfonos móbiles e tabletas tanto con sistemas operativos iOS como Android.

Unha App móbil, é unha ferramenta fundamental para o **visitante de hoxe en día**, o que actualmente se pode denominar como unha dinamización silenciosa. Coa aplicación, o visitante poderá dispór da **información máis completa** sin máis instrumento que o seu dispositivo móbil.

Cubriría unha volumen alto de información, facéndollo chegar ó visitante dun xeito **sinxelo, intuitivo e práctico** para a visita.

ESQUEMA DO CONTIDO DA APP:

-  A app constaría dun menú principal de selección de idioma (inglés, galego e español) elemento fundamental a nivel turístico.
-  A continuación seleccionaríase a visita virtual ou física,
 - a *visita virtual* realizaríase utilizando a última tecnoloxía que nos permitiría realizar un percorrido virtual “imersivo” mediante video 360º polo Pico Sacro co teléfono móbil ou cunhas gafas de realidade virtual (tipo google cardboard dende a propia casa de calquer posible visitante).
 - para a *visita física* podemos elixir entre varias opción: audioguía ou videoguía:
A audioguía aportará unha información descritiva acompañada de fotografías.
A videoguía servirá para transportar, axudar a comprender o contexto histórico e todo aquilo que non se ve, utilizando animacións e elementos gráficos en vídeos.
-  Incluirá un listado de puntos de interese informados.
-  Igualmente irá incorporado un mapa cos puntos de interese referenciados e xeolocalizados, de xeito que ó seleccionalos, o XPS guíaranos ata eles.
-  Se o usuario autoriza á app a que lle envíe notificacións, este recibirá unha mensaxe ó su paso polos puntos de interese informándolle de por onde está pasando e se desexa recibir unha información adicional en forma de audio ou vídeo.

CONTIDOS A TRABALLAR:

Eixes temáticos:

- **O monte sagrado dos antigos.**
Narra a xénese un lugar sagrado no que o contexto da relixiosidade castrexa e como este carácter perdurou durante séculos incluso despois da chegada do Cristianismo. O Pico Sacro dentro da tradición das montañas sagradas da Antigüidade.

- **Xeoloxía dun lugar mítico entre a terra e o ceo.**



Concello de Boqueixón

Por a atención sobre o perfil físico do monte e as súas características xeolóxicas que influíron en grande medida na súa elección como lugar de contacto coas divindades.

- **O mosterio de San Sebastián.**

Dedicado á cristianización do enclave a través de dous recursos: a substitución da tradición pagana pola cristiá a través da súa inclusión na ruta da Traslación dos restos do apóstolo e, por outro lado, e dunha forma máis física, a través da fundación dun mosterio no cumio cunha comunidade beneditina que evanxelizara ós aldeáns e erradicase os cultos precristiáns aínda moi presentes entre os estamentos máis humildes da sociedade.

Descrición da súa construción, cando foi derruído e posterior reconstrución como Capela de San Sebastián.

- **O Pico Sacro na Lenda Xacobeá. A *Traslatio* do corpo de Santiago e a Raíña Lupa.**

Destaca o gran valor histórico e turístico do Pico Sacro ó ser o escenario real no que discorre un dos episodios máis coñecidos do relato da *Traslatio* do corpo de Santiago desde Iria: A eliminación do dragón que moraba no cumio do monte polos discípulos do Apóstolo, un importante relato lexendario da cristianización dun lugar que, deste xeito, nos fai remontar ós tempos apostólicos.

- **A morada do dragón do Ilicino**

Céntrase tanto nas características xeolóxicas como nas lendas arredor das covas onde habitaba o dragón que atormentaba ós aldeáns ata a súa eliminación por Teodoro e Atanasio, discípulos de Santiago.

- **A fortaleza do Montesacro**

No cumio do monte, este eixe temático, busca que o visitante consiga imaxinar e visionar a fortaleza que coroaba o Pico Sacro. A narración desentrañará non só os datos históricos que chegaron ata nós sobre este castelo desaparecido senón tamén a descrición das panorámicas que dende este mirador privilexiado poden contemplar o visitante.

- **A Granxa dos monxes: A igrexa de San Lourenzo.**


Céntrase na igrexa de San Lourenzo da Granxa como un exemplo de igrexa parroquial atendida por unha comunidade monástica, neste caso a de San Sebastián do Pico Sacro xa





Concello de Boqueixón

que era bastante habitual que os cenobios de certa importancia dispuxeran dunha igrexa propia para os fieis que traballaban as terras pertencentes ó dominio do mosteiro.











DISTRIBUCIÓN DO CONTIDO:

-  Mapa cos puntos de interese e as etapas da ruta.

-  Listado dos puntos de interese coas audioguías e listado dos puntos de interese coas videoguías. As audioguías levarán como apoio fotografías e as videoguías levaran os fragmentos de video que conforman un video principal que transmitirá a información dunha forma visual e atractiva para o usuario.

-  Espazo adicado ás redes sociais do Concello de Boqueixón onde se mostrarán as últimas actualizacións dentro da app, para manter informado e actualizado ó usuario e ó mesmo tempo evitar que eliminen a app unha vez visiten o lugar.

RELACIÓN DETALLADA DAS CALIDADES, ACABADOS E MATERIAIS DE ELABORACIÓN:

-  A gravación do video inmersivo realizarase con cámara de UHD (ultra alta definición) e cubrirá o percorrido completo de subida ó Pico e panorámicas dende o cumio en 2 xornadas de traballo.
-  A gravación das imaxes aéreas realizarase cun drone en resolución 4K en 2 xornadas de traballo.
-  A gravación das imaxes terrestres realizarase con cámara de video 4K estabilizada 3 eixes durante 2 xornadas de traballo.
-  A animación 2D realizarase con software After Effects CC 2017 en resolución 4k durante 2 semanas. O estilo de animación estará baseado na miniatura románica do estilo do Tapiz de Bayeux.
-  O sonido e a postproducción grabarase nun estudio de audio profesional dotado con equipos Avid Pro Tools.
-  A música que se utilizará para a App será de librería profesional e pagaranse os dereitos para o seu uso en internet.
-  A locución gravarase con locutores profesionais nativos para cada lingua (3 idiomas).
-  A montaxe e postproducción realizarase con Final Cut X 10.3 durante 15 días en calidade UHD 4K.
-  O deseño da app realizarase por un deseñador gráfico profesional durante 5 días.
-  A programación da App realizarase durante 15 días por un enxeñeiro informático de contrastada experiencia, desenvolvida con software nativo SDK (máis estabilidade, calidade) tanto para Android como para iOS. Programaranse por separado co mesmo contido xa que as plataformas son diferentes e non comparten ó 100% o código.



Concello de Boqueixón

- 📄 Realizarase unha visita ó Pico Sacro para recoller coordenadas exactas e xeoposicionar os puntos de interese no mapa así como verificar o correcto funcionamento da app antes de ser lanzada.
- 📄 A investigación e documentación previa así como a escritura dos textos será levada a cabo por un historiador experto mediavalista durante 15 días.
- 📄 Os contidos elaborados tratarán dun xeito ameno, creativo e didáctico aspectos históricos, lexendarios, patrimoniais e paisaxísticos abordando todos os **recursos turísticos** dos que dispón a zona.

PUNTOS DE DIFUSIÓN E DESCARGA DA APP:

Están planificados unha batería de ubicacións do código QR para a descarga da App e unha campaña de publicidade con deseño de imaxe e edición de cartelería e folletos para difundir e potenciar o uso da App (**estas accións de difusión non están incluídas nos orzamentos do proxecto á subvencionar, asumiría os custos o concello de Boqueixón**).

Ubicacións do código QR para descarga:

- 1.- Inclusión na web do Concello de Boqueixón nun espazo con máxima visibilidade para visitantes da web.
- 2.- Difusión do mesmo xeito nas redes sociais do concello de Boqueixón.
- 3.- Difusión na web turística “Área de Santiago” no espazo adicado ó Concello de Boqueixón.
- 4.- Descarga de valde nas tendas online Apple store e Google play.
- 5.- Difusión mediante o visionado da app nas tabletas con fins educativos e turísticos.
- 6.- Inclusión dos códigos QR “in situ” nos espazos reais de visita física (**ver anexo 1 plano indicativo**):
 - placa informativa no Centro de Interpretación do Pico Sacro (Lestedo),
 - inclusión no panel de información turística no Pavillón Polideportivo de Lestedo, por ser unha zona de paso e de pernoctación de moitos peregrinos,
 - inclusión no panel de información turística no aparcadoiro do Pico Sacro.

USOS:

- Personal para os visitantes que fan a visita “por libre” sen concertar visita guiada ou aqueles que se interesen e que non poidan desprazarse o fagan a través da realidade virtual.



Concello de Boqueixón

- Escolares. Instalarase a app en 4 tabletas que servirán de soporte educativo para excursións didácticas.
- Peregrinos. Pola proximidade ó Camiño de Santiago e a relación do Pico coa Cultura Xacobeá, propónselle con este servizo unha actividade alternativa e atractiva.

ORZAMENTO:

DESCRICIÓN	UNIDADES	CUSTO/ UNIDADE	IMPORTE
APP MÓBIL DO PICO SACRO			
Guión, investigación, coordinación, textos da App	1	2.400 €	2.400 €
Realización e dirección contido App	1	1.000 €	1.000 €
Edición e postproducción videoguías App	1	1.500 €	1.500 €
Estudo de gravación de son audioguías App	1	300 €	300 €
Locución en 3 idiomas audioguías App	3	150 €	450 €
Edición e postproducción de son App	1	300 €	300 €
Gravación de imaxes con drone e steady cam 4K para contido da App	1	800 €	800 €
Video inmersivo en 360°. Realidade virtual	1	900 €	900 €
Animación 2D para App e web	1	1.500 €	1.500 €
Programación, deseño e desenvolvemento dunha App para Android e iOS e xestión para descarga de valde nas tendas online Apple store e Google play	1	5.000 €	5.000 €
Fotografías para App	1	600 €	600 €
Traducións de textos (inglés, galego e español)	1	1.000 €	1.000 €
DISPOSITIVOS MÓBILES PARA VISITAS CONCERTADAS			
4 tabletas Samsung Galaxy Tab E 8GB 9.6" Blanca+ protección	4	200 €	800 €
TOTAL			16.550 €
IVE INCLUIDO			20.025,50 €

Sinatura: Mari Cruz Ferreiro Sanín

Responsable de Turismo do Concello de Boqueixón

Vº e Prace



Manuel Fernández Munín

O alcalde